

Estimada/o amiga/o:

O **CEIDA**, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, que ten a súa sede no **Castelo de Santa Cruz** (Oleiros), oferta a

## Exposición

### *Amigo Lobo.*

### *Lenda e realidade do Lobo ibérico*



Esta exposición, realizada por **Carlos Sanz García**, recoñecido fotógrafo naturalista e divulgador ambiental, inclúe unha chea de fotografías sobre a bioloxía, ecoloxía e problemática actual do lobo. Asemade, forman parte da exposición numerosos obxectos relacionados coa cultura tradicional asociada a esta especie e varios paneis informativos sobre traballos de investigación levados a cabo por científicos e asociacións que traballan a prol da conservación e divulgación deste emblemático animal.

A acción formativa vinculada a esta exposición consiste na visita guiada á exposición “*Amigo Lobo. Lenda e realidade do Lobo ibérico*” e a proxección do documental “*Matadores inocentes*”.

- **Destinatarios:** Centros de **Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria e Bacharelato LOXSE**.
- **Duración da actividade:** hora e media ou dúas horas (adaptándose ás necesidades do grupo).
- **Número máximo de participantes:** 40 alumnos/as.

Adxuntamos nun arquivo os obxectivos e contidos deste programa de educación ambiental.

Para solicitar esta actividade educativa ou para obter máis información poden contactar con nós polas seguintes vías:

Tlf: **981 630 618** Fax: **981 614 443**

Correo-e: **educacion@ceida.org**

Atentamente,

Equipo de Educación Ambiental do CEIDA

Santa Cruz de Liáns, Maio do 2007

## Programa de Educación Ambiental vinculado á exposición

### *“Amigo Lobo. Lenda e realidade do Lobo ibérico”*

#### **OBXECTIVOS**

- Coñecer e valorar o Lobo ibérico como especie ameazada.
- Comprender o funcionamento das poboacións, aplicalo á conservación da especie e divulgalo entre o público non especializado.
- Promover a divulgación científica do “lobo real” e desmitificar a figura do lobo como animal diabólico e perigoso.
- Recoñecer os aspectos culturais que orientaron e orientan as actitudes cara ó lobo das comunidades humanas.
- Vincular as accións en defensa do lobo ibérico cos procesos de reflexión e transformación da cultura humana e das relacións entre nós e os demais seres vivos.
- Coñecer a situación actual do lobo na Península Ibérica e analizar o estado de conservación e a problemática asociada o lobo en Galicia.
- Coñecer a figura de Félix Rodríguez de la Fuente como amante da natureza e divulgador ambiental.

## CONTIDOS

- O lobo
  - características biolóxicas
  - historia evolutiva e distribución
  - ecoloxía, etoloxía, hábitat e organización social
- O lobo e o ser humano, ¿un conflito social?
  - a percepción do lobo polos distintos grupos sociais
  - análise do desencontro
- A cultura do lobo
  - contos, lendas, poesía, refráns, toponimia, etc.
- A conservación do lobo
  - pasado, presente e futuro do lobo
  - o papel da divulgación e da educación ambiental na conservación

## ACTIVIDADES PROPOSTAS

Estes contidos traballaranse dun xeito multidisciplinar co equipo de Educación Ambiental do CEIDA, nunha estratexia que vai desenrolarse en torno a dúas accións:

1. **Visita guiada** á exposición. Pretende facer fincapé na relación dos seres humanos coa natureza en xeral, e co lobo en particular, e axudar os/as alumnos/as a comprender como os nosos modos de vida traen consecuencias, a maioría das veces nefastas, para o resto dos seres vivos.
2. **Visionado dun video** sobre a vida do lobo, dirixido e realizado por Félix Rodríguez de la Fuente e un taller posterior encamiñado a desmitificar a imaxe negativa do lobo e a concienciar a mozos e mozas da importancia da súa conservación.